CAMBRE
CONCELLO
R.E.L. 01150177
C.I.F. P-1501700-G

XOGANDO NO NADAL 2025

Actividade de conciliación da vida laboral e familiar dirixido ao alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO nas vacacións escolares de Nadal 2025/2026.

Os participantes farán actividades lúdico-deportivas e culturais relacionadas co Nadal.

- **Lugar de realización**: Realizarase no CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre (pavillón polideportivo, aula usos múltiples, aula ANPA, ximnasio e comedor do centro e baños anexos a cada espacio).

- **Prazo de solicitude de inscrición**: O prazo de inscrición irá do **24 de novembro ao 4 de decembro de 2025** (ambos incluidos).

Fóra deste prazo só se poderán presentar solicitudes de alta (por se hai prazas vacantes) **ata as 23:59 horas do 16 de decembro de 2025. Logo desta data xa non se poderán presentar solicitudes de alta.**

- **Destinatarios**: para o alumnado de 4º, 5º e 6º de E. Infantil, toda E. Primaria, e 1º da ESO.

- **Datas de celebración: Realizarase por quendas:**

- 1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025 ambos incluidos (agás o 25 de decembro que é festivo, 4 días en total).
- 2ª quenda: do 29 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026 ambos incluidos (agás o 1 e o 6 de xaneiro que son festivos, 6 días).
Os pai/nais ou titores/as poderán inscribir ao seu fillo/a, nunha soa quenda ou nas dúas.

Poderá presentarse solicitude para unha ou para as dúas quendas.

- **Nº Prazas**: O número mínimo de prazas para que se poñan en marcha as actividades do campamento e que se van a ofertar é de 20 por quenda e o máximo é de 84 por quenda.

Prazas mínimas e máximas por quenda para que se leven a cabo os servizos:

SERVIZOS	**Mínimo por quenda**	**Máximo por quenda**
Atención aos participantes a 1ª hora	10	84
Almorzo	10	
Actividades	20	
Comida	25	

- **Selección dos/das participantes**: Admitiranse todas as solicitudes recibidas no prazo estabrecido se non se reciben máis solicitudes que prazas e cumpren cos requisitos de idade dos/das participantes, en primeiro lugar dos empadroados en Cambre, logo os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e por último os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

Se houbera máis solicitudes que prazas (presentadas no prazo de solicitude de inscrición) farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios e na seguinte orde:

- **Criterio de selección:**

  - 1º: Empadroamento: terán preferencia en primeiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as en Cambre; en segundo lugar os que os seus/súas pais/nais ou titores/as traballen no municipio de Cambre e en terceiro lugar os nenos e as nenas empadroados/as noutros municipios.

  Tendo en conta este criterio do empadroamento darase a seguinte puntuación segundo as seguintes circunstancias:

  - **2º: Situación laboral e persoal:**
  - **Situación laboral:**
    - en primeiro lugar: se os/as dous/dúas proxenitores/as **traballan nos días para o que solicita o campamento**; no caso de ser monoparental se o seu/súa proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento**; no caso de separación ou divorcio se traballa **nos días para o que solicita o campamento** o/a proxenitor/a que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a. 2 puntos
    - en segundo lugar: se un/unha proxenitor/a traballa **nos días para o que solicita o campamento** e o outro/a non. 1 punto
    - en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos proxenitores/as. 0 puntos

  - **Situación persoal**: valorarse cada unha das situacións seguintes, de ser o caso, para o que o/a solicitante deberá acreditalo co documentación correspondente:
    - familias monoparentais. 1 punto
    - víctimas violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller. 1 punto
    - mulleres en situación de desemprego de longa duración. 1 punto
    - mulleres maiores maiores de 45 anos. 1 punto
    - unidades familiares nas que existan cargas relacionadas cos coidados. 1 punto

Farase a selección de solicitudes logo da suma de puntos segundo as circunstancias mencionadas anteriormente (de maior a menor puntuación) e no caso de empate terase en conta o nivel de renda per cápita anual da unidade familiar do ano 2024 e terán preferencia o que teña menor nivel de renda per cápita anual en diante.

Documentación a presentar, no prazo de solicitude de inscrición, via telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- **Solicitude de inscrición** (segundo modelo normalizado) a descargar na páxina web municipal.
- **Documentación acreditativa do núm. IBAN** de conta bancaria onde se fará o cargo do prezo público correspondente ás actividades (ademais de cubrir a autorización bancaria que é obrigatoria).

- **Autorización** asinada polo/a solicitante e todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade para que o concello de Cambre solicite o **nivel de renda** á Axencia Tributaria do ano 2024 e no caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da última declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.
- **Libro de familia compreto** (ata a primeira folla en branco incluida), para saber cantos membros forman a unidade familiar.
- **No caso de separación ou divorcio**, sentencia de separación, convenio regulador onde indique a pensión de manutención (de ser o caso), certificado de viuvez ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia compreto da unidade familiar.
- No caso de que soliciten **redución na cota das actividades deberán presentar a documentación necesaria para acreditar <u>as reducións</u>** <u>sinaladas</u> na solicitude de inscrición (Familia Numerosa, rexistro paro, carnet OMIX ou Xove). Para poder aplicar as reducións deberá marcalo na casilla correspondente da solicitude.
- No caso de que soliciten **redución na cota da comida deberán presentar:**
    - Autorización asinada de comprobación de datos de renda de todos e cada un dos membros maiores de idade da unidade familiar á Axencia Tributaria. No caso de non autorizar a dita comprobación de datos poderá presentar a copia da declaración da Renda de todos e cada un dos membros da unidade familiar maiores de idade.
    - Libro de Familia.
    - De ser o caso: sentencia de separación ou divordio, convenio regulador onde indique a pensión de manutención establecida, certificado de viuvez, certificado de familia monoparental ou monomarental emitido pola administración competente ao efecto.
- Para acreditar, e asi poder valorar, a **situación laboral deberán presentar**:
    - <u>Informe da empresa</u> no que conste a quen lle corresponda <u>que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento para o/a seu/súa fillo/a**</u>, ou calquera outro documento que o acredite dos proxenitores que si traballen neses días.
    - No caso de que un ou os dous proxenitores sexa <u>autónomo</u> deberá presentar o <u>último recibo de pago</u> ou outro documento que acredite a súa situación laboral activa e declaración xurada que indique que **ten que traballar os días nos que solicita o campamento** para o/a seu/súa fillo/a.
- Para acreditar a **situación familiar deberán presentar**:
    - Se é muller víctima de violencia de xénero (en todas as súas manifestacións): A documentación estabrecida no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección integral contra a Violencia de Xénero.
    - Se é familia monoparental ou monomarental: Certificado expedido pola administración competente ao efecto, sentencia de separación ou divorcio, certificado de viuvez, ou calquera outra documentación que o acredite segundo a circunstancia que dea lugar a esta situación e o libro de familia compreto da unidade familiar.
    - mulleres en situación de desemprego de longa duración: tarxeta demandante de emprego, certificado do período de inscrición como demandante de emprego e vida laboral coa data de expedición actual.
    - mulleres maiores maiores de 45 anos: o DNI.
    - unidades familiares nas que existan cargas relacionadas cos coidados: Persoas que teñan acreditación de grado de dependencia outorgado polo órgano competente, e/ou recoñecemento do grao de discapacidade.

Se xa presentou no ano 2024 ou no 2025 o Libro de Familia, a sentencia de separación, convenio regulador e o nº de IBAN, non será necesario que o presente de novo con esta solicitude se esa documentación está en vigor, pero si é obrigatorio que o indique expresamente na súa solicitude, con mención expresa ao expediente no que obre a documentación.

Aos efectos do cálculo do nivel de renda da unidade familiar e para acreditar aqueles supostos nos que concorran circunstancias que modificaran a situación familiar existente no ano 2024, deberá documentarse o exercicio 2025 de toda a unidade familiar, aportando a seguinte documentación:

- No caso de separación ou divorcio: certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2025 que aparezan na vida laboral, ou certificado de empresa oficial onde conste o período de traballo e importes percibidos nese período.

- No caso de desemprego: Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara. Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

- No caso de ERTE: documentación que acredite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese periodo e resto de ingresos percibidos fóra dese periodo no ano 2025 ata a data de presentación da solicitude.

- No caso de viuvez, xustificante da pensión de viuvez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2025 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

- Noutros casos non recollidos neste apartado, a documentación necesaria que o acredite segundo sexa o caso e que permita ao Concello poder comprobar o seu nivel de renda.

O Concello de Cambre, poderá solicitar canta información necesite para calcular a renda per cápita anual da unidade familiar se así o estima oportuno para o que a familia deberá presentar a documentación requirida no prazo que se estableza.

- **Solicitudes presentadas fóra do prazo de solicitude de inscrición**: A orde das solicitudes presentadas fóra do prazo de solicitude de inscrición virá determinada segundo a data de presentación da súa solicitude de inscrición por rexistro de entrada.

- **Lista de agarda**: No caso de que se presenten máis solicitudes de inscrición que o número de prazas máximo que hai por quenda, elaborarase unha lista de agarda.

E no caso de haber baixas dos/das participantes admitidos/as, chamarase telefónicamente e enviarase unha mensaxe ao móbil ou un correo electrónico por orde da lista de agarda para darlle de alta ao que corresponda se este segue interesado/a en participar e deberá ser respondida nese mesmo día. Se non quisexe comezar a actividade deberá comunicar a súa renuncia por escrito (vía telemática pola sede electrónica do Concello de Cambre ou en calquera dos rexistros de entrada municipais ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.).

- **O programa diario** estará estructurado da seguinte forma:

  - Haberá servizo de Mañanceiro a primeira hora da mañá con almorzo incluído, para quen o solicite, de 7:30 a 9:30 horas.

  - As actividades propias do programa realizaranse de 9:30 a 13:30 horas. Serán actividades lúdico - deportivas e culturais e estarán relacionadas co Nadal. Faranse grupos de 14 participantes por idades co/coa seu/súa monitor/a.

  - Por último, de 13:30 a 16:30 horas haberá servizo de comida no comedor escolar para quen o solicite, e os participantes farán actividades logo da comida e antes de que sexan recollidos/as polos/as seus/súas pais/nais ou titores. Se non houbera as solicitudes suficientes para poñer en marcha o servizo de comida, para os que solicitaron a comida as actividades rematarían ás 14:30 horas e habería atención aos participantes de 14:30 a 15:00 horas.

- **Prezos**: O prezo público e as reduccións son as reflectidas no Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, artigo 4º, apartado 9 programa de actividades extraescolares en períodos vacacionais: 1,00 euro/ hora polas actividades e 4 euros/ día pola comida. Tendo en conta o número total de horas do programa por módulos o prezo sería:

Módulo Mañanceiro - Almorzo: 2 euros/día.
Módulo actividades mañá: 4 euros/día.
Módulo da comida: 3 euros/ día + 4 euros/día (comida).

Tendo en conta as diversas modalidades que poden xurdir, as tarifas a aplicar por modalidade e quenda serían as seguintes:

MODALIDADE	**TARIFA/ 1ª QUENDA (4 días)**			**TARIFA/2ª QUENDA (6 días)**		
	1ª QUENDA (ACTIVIDADES)	**1ª QUENDA (COMIDA)**	**TOTAL 1ª QUENDA**	**2ª QUENDA (ACTIVIDADES)**	**2ª QUENDA (COMIDA)**	**TOTAL 2ª QUENDA**
Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades. De 7:30 a 13:30 horas (6 horas).	24 euros	_____	**24 euros**	36 euros	_____	**36 euros**
Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida. De 7:30 a 16:30 horas (9 horas).	36 euros	16 euros	**52 euros**	54 euros	24 euros	**78 euros**
Actividades e comida. De 9:30 a 16:30 horas (7 horas).	28 euros	16 euros	**44 euros**	42 euros	24 euros	**66 euros**
Só actividades. De 9:30 a 13:30 horas (4 horas).	16 euros	_____	**16 euros**	24 euros	_____	**24 euros**

Se non houbera o servizo da comida nalgunha das quendas o importe da modalidade elixida con comida sería o que corresponda polo número de horas (xa que se alargarían unha hora máis).

- **Prazo de solicitude de inscrición**: O prazo de inscrición irá do **24 de novembro ao 4 de decembro de 2025** (ambos incluidos).

Fóra deste prazo só se poderán presentar solicitudes de alta (por se hai prazas vacantes) **ata as 23:59 horas do 16 de decembro de 2025. Logo desta data xa non se poderán presentar solicitudes de alta.**

- **Datas de publicacións de solicitudes admitidas e lista de agarda**:

O anuncio inicial de aceptación de solicitudes cos servicios que **inicialmente** poden poñerse en marcha en función das solicitudes recibidas publicarase o **12 de decembro de 2025** na páxina web municipal ou se poderá chamar ao concello de Cambre (concellería de Educación) no nº de tf.: 981 613 291.

A baixa ou cambio de modalidade e presentación de solicitudes fóra do prazo de solicitude de inscrición, solicitarase por escrito presentándoa en calquera dos rexistros municipais ou sede electrónica do Concello de Cambre **ata as 23:59 horas do 16 de decembro de 2025**. Logo destas datas non se poderán presentar novas solicitudes de alta nin de baixa nin de cambio de modalidade e procederase igualmente ao cobro da actividade, agás se a solicitude de baixa ou cambio de modalidade fose por causa de forza maior e xustificada e é presentada antes do comezo da actividade.

Haberá unha **publicación definitiva** de solicitudes admitidas e lista de agarda e os servicios **definitivos** que van realizarse o día **18 de decembro de 2025** na páxina web municipal, xa que por mor das baixas ou cambios de modalidade a información inicial pode variar.

Importante a ter en conta polos/as pais/nais ou titores:

- As autorizacións que figuran na solicitude deben ser cubertas. De non ser cubertas ou omitir a dita información, o Concello non se fará responsable das circunstancias que poidan ocorrir relacionadas coas mesmas.

- Os participantes **non** poderán achegar material propia da casa nin aparellos electrónicos nin teléfono móvil.

- Os participantes **non** poderán levar comida para o almorzo nin para a comida, pero si para a merenda a media mañá.